



## Resumo executivo

**Transformando o ecosistema**  
do Servizo Público de Xustiza.



# Resumo executivo

**O obxectivo é mellorar a eficiencia da asignación de recursos, outorgarlle un carácter máis flexible e innovador á organización mediante normas e procedementos actualizados, así como acordar e desenvolver un modelo de cogobernanza.**

## Punto de partida

O Servizo Público de Xustiza funciona grazas ao traballo dunhas 254 000 persoas: xuíces e xuízas, fiscais, Letrados e Letradas da Administración de Xustiza (LAX), xestores e tramitadores proceduais, persoal de auxilio, forenses, facultativos e facultativas, técnicos especialistas, axudantes de laboratorio, xuíces e xuízas de paz, funcionarios e funcionarias da Administración Xeral do Estado e das comunidades autónomas, avogados e avogadas, procuradores e procuradoras, graduados sociais, rexistradores e rexistradoras, notarios e notarias.

Ademais, contamos con persoal que desenvolve os servizos de interpretación e tradución, peritaxe, mantemento e limpeza das sedes, arquivo e depósito de bens, formación, desenvolvemento e evolución de aplicacións informáticas ou mantemento de equipos, entre outros.

A Administración de Xustiza dispón de máis de 700 sedes xudiciais espalladas por todo o territorio. O orzamento agregado do Ministerio de Xustiza e das comunidades autónomas que asumiron as competencias en materia de xustiza é duns 4200 millóns de euros ao ano.

A xustiza funciona. Porén, os esforzos de tantos profesionais e a cantidade de recursos destinada non están a dar os froitos que pide a cidadanía. As enquisas apuntan que os medios cos que conta a xustiza son insuficientes. As tres primeiras carencias que se sinalan son as seguintes: falta de xuíces, falta de medios informáticos e falta de persoal auxiliar.

Ademais, os datos reflicten un problema de organización. Nos últimos 20 anos, o número de xuíces en España aumentou case un 50 %. España sitúase á cabeza na clasificación do índice de equipamento en tecnoloxías da información no sistema xudicial. Por outro lado, no relativo á suficiencia de persoal auxiliar, a cantidade de persoas que traballa na Administración de Xustiza alén dos xuíces case duplica a media europea. Segundo un informe da Comisión Europea para a Eficiencia da Xustiza (CEPEX) de 2018, o gasto no sistema xudicial español ascendía a 79,1 € por habitante, cifra superior á media europea, que se situaba en 64 € por habitante. **Non se trata só dun problema de suficiencia de recursos, senón tamén de organización e gobernanza.**

O obxectivo é mellorar a eficiencia da asignación de recursos, outorgarlle un carácter máis flexible e innovador á organización mediante normas e procedementos actualizados, así como acordar e desenvolver un modelo de cogobernanza. Ademais, quérese que isto se encadre no marco conceptual dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e dos fondos Next Generation EU.

## Que é Xustiza 2030

Trátase dun **plan de traballo común de 10 anos** que se desenvolveu en cogobernanza e que impulsa o Estado de dereito e o acceso á xustiza como pancas de transformación do país. Incide exclusivamente nos puntos que provocan unha repercusión maior no sistema ou que quedaron desfasados e son pouco operativos. O plan non consiste en introducir cambios en todos os compoñentes do Servizo Público de Xustiza, senón en desencadear transformacións en aspectos que causan un efecto sistémico no ecosistema da xustiza.

Xustiza 2030 é a **concreción do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para o Servizo Público de Xustiza**. O debate en torno ás causas dos problemas da xustiza, sexan os recursos, a organización ou a gobernanza, resólvese no marco novo. Existen recursos para mellorar a organización e ábrese a porta á cogobernanza. É posible atallar as tres causas de maneira simultánea e entrelazada. Non se trata de cambiar de modelo, senón de conseguir que o actual evolucione. Así, preténdese provocar unha repercusión máis significativa e conectar coa sociedade e coas demais administracións.

**O obxectivo xeral é transformar o Servizo Público de Xustiza**

para que sexa máis accesible e eficiente, así como para contribuír ao esforzo conxunto de cohesión e sostibilidade.

## Como se estrutura

O plan pretende acadar tres obxectivos específicos que, ao mesmo tempo, se concretan en nove programas:

### OBXECTIVO I: garantir o acceso ao exercicio dos dereitos e das liberdades.

Orientado a mellorar o acceso da cidadanía ao Servizo Público de Xustiza. A capacidade de exercer os dereitos require procedementos sinxelos, claros, comprensibles e accesibles. Estes deben responder ás necesidades de todos os grupos sociais e territorios, sempre prestando especial atención aos máis vulnerables.



**Programa: ACCESIBILIDADE DA XUSTIZA**

O programa está destinado a xerar condicións estruturais de acceso ao Servizo Público de Xustiza que cheguen ao conxunto da cidadanía. Isto conseguirase garantindo que ningunha persoa quede excluída por motivos económicos, de idade ou de sexo e achegando o Servizo desde o punto de vista sociocultural grazas á linguaxe e á formación transversal nas etapas educativas.



**Programa: PROFESIONAIS DA XUSTIZA**

Os proxectos orientáanse a mellorar a formación e a brindarlles seguridade aos operadores xurídicos no proceso de transformación da xustiza. Esta transformación supón un cambio no desempeño profesional. Convén redeseñar o marco profesional tanto polo paso ás ferramentas dixitais, o teletraballo e os xuízos telemáticos, que esixen competencias distintas, como polos desafíos novos que se nos presentan.



### Programa: REALIDADES SOCIAIS NOVAS

O núcleo consiste en facilitar o acceso dos grupos vulnerables á xustiza e en garantir que o Servizo Público de Xustiza se adapta continuamente á realidade social. A dixitalización mellora a accesibilidade da maioría, pero reduce a da minoría máis vulnerable e a da sociedade “analóxica”, composta sobre todo por persoas maiores. Hai que reforzar a atención presencial nas sedes dirixida a estes colectivos..

## OBXECTIVO 2: mellorar a eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Orientado a asegurar que a transformación dixital se concreta nunha mellora organizativa e dos procesos. Convén medir a mellora da eficiencia mediante a redución dos tempos e a satisfacción da cidadanía, así como mediante a asignación eficaz dos recursos investidos, o impacto ambiental e a capacidade de xestionar os datos.



### Programa: EFICIENCIA ORGANIZATIVA

O núcleo do programa é unha transformación organizativa nos tribunais de instancia, co apoio da oficina xudicial. España conta con 3627 xulgados con cadanseu xuíz ou maxistrado, Letrado da Administración de Xustiza e unha cifra variable de persoal (en torno a oito) ao servizo da Administración de Xustiza. A senda da transformación organizativa conduce ao mantemento de 431 tribunais de instancia, un por partido xudicial, nos que se reúnan os xuíces, os Letrados da Administración de Xustiza e o persoal auxiliar. Desta maneira, as asignacións terán lugar de maneira permanente.

A transformación permite ampliar a oficina xudicial cunha terminal nova: a oficina de xustiza dos concellos. Polo tanto, haberá ventás novas de entrada ao servizo público para acceder á xustiza no mundo rural.



### Programa: EFICIENCIA PROCESUAL

El programa té com a objectiu l'agilització processal, una regulació i una major implantació dels medis adequats per a la resolució de controvèrsies (MASC) en l'Administració de Justícia, així com la millora del sistema executiu. Al mateix temps, s'abordarà l'adaptació de les normes processals que han quedat jurídicament obsoletes i desalineades del marc europeu.



### Programa: EFICIENCIA DIXITAL

O núcleo do programa é a creación dun novo marco normativo para a dixitalización que sente as bases legais da transformación dixital da Administración de Xustiza. Este substituirá a regulación actual, vixente desde 2011, por unha arquitectura de información nova baseada en datos que garantirá a seguridade xurídica dixital na tramitación dos procedementos. O obxectivo é promover o Estado de dereito no marco dixital novo.

## OBXECTIVO 3: contribuír á sostibilidade, á cohesión e á cogobernanza.

Servizo Público de Xustiza debe contribuír á construción europea, ao proxecto de país, á recuperación económica, á xustiza ambiental, á transición ecolóxica e ao arraigamento do Estado de dereito. Os programas conectan a xustiza coa transformación do país.



### Programa: SERVIZOS Á CIDADANÍA

Os proxectos que o integran conectan o acceso individual ao Servizo Público de Xustiza co acceso doutras administracións. Ademais, garanten a calidade do servizo. A dixitalización facilita a xeración dun ecosistema administrativo de datos a nivel municipal, autonómico e estatal. O obxectivo é que sexa eficiente e interoperable, é dicir, que se poidan extraer os rexistros sen ningún problema. Non se pretenden desenvolver sistemas novos, senón adaptar os que xa funcionan para utilizalos.



### Programa: SOCIEDADES SOSTIBLES

Vaise garantir que o Servizo Público de Xustiza contribúa de maneira xeral ao arraigamento do Estado de dereito na UE, ao proxecto de país e á xustiza ambiental. No plano internacional, convén ligar o dito Servizo á construción europea nunha senda que poida repercutir noutros países europeos de maneira positiva.

As políticas públicas de xustiza conectaranse coa transición ecolóxica (lexislacións, institucións e sedes). O Servizo Público de Xustiza e os seus activos, pola súa parte, orientaranse á transformación e recuperación económica, que é unha das urxencias principais da nosa sociedade.



### Programa: COORDINACIÓN E COHESIÓN INSTITUCIONAL

O núcleo do programa é o desenvolvemento progresivo dunha arquitectura de cogobernanza entre as institucións implicadas. Esta permitirá que a Administración de Xustiza se torne nun servizo público de calidade e máis eficiente




Os programas póñense en marcha mediante **proxectos** (27) que, ao mesmo tempo, se dividen en **subproxectos**. Ao principio, a cifra de subproxectos “ascende a” 47, mais varía dependendo das necesidades.

## PROGRAMAS

## PROXECTOS

## SUBPROXECTOS

**OBXECTIVO 1: ACCESO A DEREITOS E LIBERDADES**




 <b>ACCESIBILIDADE Á XUSTIZA</b>	<b>1. Acceso universal</b>	1.1 Sistema eficiente de asistencia xurídica gratuita e quenda de oficio 1.2 Lei de dereito de defensa
	<b>2. Linguaxe accesible</b>	2.1 Claridade da linguaxe xurídica 2.2 Normalización lingüística na Administración de Xustiza
	<b>3. Educación legal básica</b>	3.1 Educación para a solución de diferenzas
 <b>PROFESIONAIS DA XUSTIZA</b>	<b>4. Acceso e desenvolvemento profesional</b>	4.1 Redeseño do marco profesional
	<b>5. Formación</b>	5.1 Formación universitaria 5.2 Formación continua
	<b>6. Igualdade e conciliación</b>	6.1 Plan de igualdade e conciliación
 <b>REALIDADES SOCIAIS NOVAS</b>	<b>7. Accesibilidade de grupos vulnerables</b>	7.1 Accesibilidade e envellecemento 7.2 Accesibilidade e discapacidade
	<b>8. Protección de vítimas e denunciante</b>	8.1 Protección das vítimas 8.2 Protección do denunciante
	<b>9. Estudos socioxurídicos proactivos</b>	9.1 Estudos socioxurídicos proactivos

## PROGRAMAS

## PROXECTOS

## SUBPROXECTOS

**OBXECTIVO 2: EFICIENCIA DO SERVIZO PÚBLICO DE XUSTIZA**




 <b>EFICIENCIA ORGANIZATIVA</b>	<b>10. Lei de eficiencia organizativa do Servizo Público de Xustiza</b>	10.1 Lei de eficiencia organizativa do Servizo Público de Xustiza
	<b>11. Tribunais de instancia e oficina xudicial</b>	11.1 Tribunais de instancia 11.2 Oficina xudicial
	<b>12. Oficinas de xustiza nos municipios</b>	12.1 Oficinas de xustiza nos municipios
 <b>EFICIENCIA PROCESUAL</b>	<b>13. Lei de eficiencia procesual do Servizo Público de Xustiza</b>	13.1 Lei de eficiencia procesual do Servizo Público de Xustiza 13.2 Implantación dos Medios Adecuados de Solución de Controversias (MASC) 13.3 Solución de Conflitos en Liña (ODR)
	<b>14. Sistemas de execución</b>	14.1 Modelo de execución 14.2 Oficina de Recuperación e Xestión de Activos (ORXA)
	<b>15. Lei de axuízamento criminal (LACrim)</b>	15.1 Lei de axuízamento criminal (LACrim)
 <b>EFICIENCIA DIXITAL</b>	<b>16. Lei de eficiencia dixital do Servizo Público de Xustiza</b>	16.1 Lei de eficiencia dixital do Servizo Público de Xustiza
	<b>17. Analítica lexislativa e xudicial</b>	17.1 Intelixencia artificial para a eficiencia da xustiza 17.2 Impulso da Comisión de Codificación
	<b>18. Seguridade xurídica dixital</b>	18.1 Inmediación dixital e servizos non presenciais 18.2 Fe pública dixital 18.3 Posto de traballo deslocalizado e teletraballo

## PROGRAMAS

## PROXECTOS

## SUBPROXECTOS

**OBXECTIVO 3: CONTRIBUÍR Á SOSTIBILIDADE E Á COHESIÓN**

 <b>SERVIZOS Á CIDADANÍA</b>	<b>19. Modelo de Rexistro Civil novo</b>	19.1 Implantación do modelo de Rexistro Civil novo
	<b>20. Atención á cidadanía</b>	20.1 Cita previa 20.2 Carpeta cidadá 20.2 Notificación electrónica
	<b>21. Sistema de calidade</b>	21.1 Selo de calidade
 <b>SOCIEDADES OSTIBLES</b>	<b>22. Defensa do Estado de dereito</b>	22.1 Seguimento de ditames en materia de DD. HH. 22.2 Impulso do Estado de dereito na UE 22.3 Loita contra a corrupción
	<b>23. Xustiza medio ambiental e sedes sostibles</b>	23.1 Sedes xudiciais sostibles 23.2 Sedes administrativas sostibles
	<b>24. Xustiza para a transformación económica</b>	24.1 Eficiencia xudicial para a actividade empresarial 24.2 Regulación da insolvencia para a segunda oportunidade 24.3 Xestión eficiente de depósitos e consignación
 <b>COORDINACIÓN E COHESIÓN INSTITUCIONAL</b>	<b>25. Cogobernanza na xustiza</b>	25.1 Arquitectura de cogobernanza
	<b>26. Xustiza baseada en datos</b>	26.1 Plataforma de xustiza baseada en datos
	<b>27. Ecosistema dixital interoperable</b>	27.1 Sistema de xestión procesual 27.2 Aplicacións de soporte á actividade xudicial

# Implantación, gobernanza e rendición de conta

Xustiza 2030 implántase de maneira progresiva. Os primeiros proxectos levan xestándose desde o principio da pandemia. Este carácter progresivo manterase mentres estea vixente.

A cogobernanza é un compoñente central na mellora do Servizo Público de Xustiza e na xestión interna do plan. É preciso ampliar os espazos de diálogo e información coas comunidades autónomas. Xustiza 2030 exporase e acordarase de maneira permanente na conferencia sectorial coas comunidades autónomas. Ademais, a xestión do ecosistema dixital e o sistema de xestión procesual requiren unha arquitectura de cogobernanza máis sólida.

A rendición de contas farase mediante as seguintes vías:

- **A páxina web** ([www.justicia2030.es](http://www.justicia2030.es)) que está en proceso de actualización permanente. Nela accederase aos documentos técnicos de todos os proxectos, así como aos seus resultados. A estratexia constrúese nun proceso de interacción que a mellora continuamente. Malia que o documento se actualizará anualmente, os anteriores seguirán publicados para coñecer a evolución.
- **Comparecencia semestral nas cortes** para expor a evolución.
- **Informe anual** que resume o estado do plan, os avances máis significativos e os investimentos realizados.





